



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas

membro de:



Gabinete de Prensa - R/ Ofelia Nieto 13-23, baixo. 15705 . Santiago de Compostela
981 554 147 / 649 541 773 prensa@sindicatolabrego.com www.sindicatolabrego.com

**Comunicado de
prensa do SLG**

01-08-2017

O SLG denuncia diante da Dirección Xeral de Comercio e Consumo a venda de leite a 25 céntimos por Vegalsa-Eroski

O Sindicato Labrego Galego vén de rexistrar hoxe, 1 de agosto, un escrito de denuncia diante da Dirección Xeral de Comercio e Consumo -Consellaría de Industria- para darlle a coñecer a vulneración de numerosas leis que realizou o grupo Vegalsa-Eroski ao poñer á venda leite da marca Deleitar a 25 céntimos o litro, no pasado mes de xullo, cando o seu prezo de venda habitual nas superficies comerciais é de 85 céntimos.

Para formular a denuncia, dende o SLG partimos de que un prezo de 25 céntimos por litro para o consumidor final é unha clara venda a perdas, xa que o valor medio en orixe de 2017, segundo o Observatorio do Sector Lácteo, estivo entre 26 e 27 céntimos para as granxas con menos de 100.000 quilos de produción, que son as que menos cobran.

En base a isto, a oferta realizada por Vegalsa-Eroski viola varias normativas, como o artigo 17 da Lei de Competencia Desleal, que considera “desleais” condutas que poidan “inducir a erro aos consumidores acerca do nivel de prezos doutros produtos ou servizos do mesmo establecemento”. Tamén vulnera o artigo 14 da Lei de Comercio Minorista, que establece que “non se poderán ofertar nin realizar vendas ao público con perda”, sinalando que se considerará venda con perda cando o prezo aplicado a un produto sexa inferior ao de adquisición, segundo factura, establecendo unha prohibición obxectiva deste tipo de prácticas e considerando a infracción como “moi grave”.

Neste caso, segundo a Lei de Comercio Minorista, a competencia sancionadora diante dun caso de venda a perdas correspóndelle á Xunta de Galicia, motivo polo que dende o Sindicato Labrego Galego decidimos poñelo en coñecemento da Dirección Xeral de Comercio e Consumo para que actúe en consecuencia. Cómpre ter en conta que a marca obxecto desta infracción,

Deleitar, comercializa leite da empresa Dairylac, á que á Xunta de Galicia lle ten feito entrega de importantes sumas de diñeiro -máis de 3 millóns de euros en 2016 para elaborar derivados lácteos- e na que participan diversas cooperativas.

Por todo o devandito, o SLG pediu no seu escrito que a Xunta “abra expediente sancionador, realizando todas as indagacións que procedan en orde a declarar a existencia dunha práctica ilegal, impondo as sancións que a Administración está facultada para imponer, con independencia das accións que noutro orde poidan proceder”. Non actuar neste caso tan grave de venda a perdas constituiría “un fatal precedente para o sector produtor do leite en Galicia”.

Saúdos do gabinete de comunicación do Sindicato Labrego Galego

Se precisan máis información ou declaracións, poden falar coa secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, no 608 905 444